

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*ORDE do 28 de xuño de 2022 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2020/21, convocados pola Orde do 8 de marzo de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 55, do 21 de marzo).*

A Orde do 8 de marzo de 2022 (DOG núm. 55, do 21 de marzo) pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2020/21 establece no seu artigo 14.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo xurado de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional viuse afectada pola reestruturación establecida no artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións provisionais obtidas polas persoas candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección e a proposta da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a concesión destes premios,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2020/21 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por delegación de competencia establecida na Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento ad-



ministrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
P.D. (Orde do 9 de febreiro de 2021, DOG núm. 31, do 16 de febreiro)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades





## ANEXO

## Premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2020/21

Nº inscrición	Apelidos e nome	Familia profesional	Cód. centro	Centro educativo	Importe
2218000184	Rañó Romero, Carla	Actividades Físicas e Deportivas	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000 €
2244000338	Enes Barbosa, Bárbara Sofía	Administración e Xestión	36011622	CPR Aloia	1.000 €
2207000373	Carril García, Adrián	Agraria	15027733	IES de Arzúa	1.000 €
2224000141	Pereiro Pesado, Sara	Artes Gráficas	36006419	IES Montecelo	1.000 €
2214000061	Cerdeira Rodríguez, Marta	Comercio e Márketing	15026753	IES A Pontepedriña	1.000 €
2290000101	Veiga Mouzo, Irene	Edificación e Obra Civil	36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	1.000 €
2287000364	Penido Arca, David	Electricidade e Electrónica	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	1.000 €
2279000310	Peleteiro Álvarez, Rosendo	Fabricación Mecánica	32009116	IES 12 de Outubro	1.000 €
2296000032	Paz Vázquez, María Florencia	Hostalaría e Turismo	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	1.000 €
2213000282	Santana Taboada, Javier	Imaxe e Son	32015050	CIFP A Farixa	1.000 €
2259000110	Gómez Mejía, Natalia	Imaxe Persoal	15025645	IES Ricardo Carvalho Calero	1.000 €
2215000328	Castro Cores, Fernando	Industrias Alimentarias	36000481	IES Ramón Cabanillas	1.000 €
2260000221	Corbacho Vieites, Aarón	Informática e Comunicacions	36011853	CPR Daniel Castelao	1.000 €
2259000326	González García, Antonio	Instalación e Mantemento	15026376	IES Punta Candieira	1.000 €
2200000260	Sanjuás Vilar, Nuria	Marítimo-Pesqueira	36011804	Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico	1.000 €
2276000055	Gómez Fernández, Lucía	Química	27006531	IES Lucus Augusti	1.000 €
2230000012	Alejos Fernández, Simón	Sanidade	27013958	IES Monte Castelo	1.000 €
2293000106	Salpurido Fernández, Sonia María	Seguridade e Medio Ambiente	36007552	CIFP A Granxa	1.000 €
2230000076	Vilar Abelleira, Rocío	Servizos Socioculturais e á Comunidade	36014489	CIFP A Xunqueira	1.000 €
2226000250	Rodríguez Places, Verónica	Téxtil, Confección e Pel	36013448	CIFP Manuel Antonio	1.000 €
2257000144	Álvarez Amor, Diego	Transporte e Mantemento de Vehículos	27020793	CIFP Porta da Auga	1.000 €